



AGENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS  
JUSTIFICANTE COMUNICACIÓN DELEGADO PROTECCIÓN DE DATOS

Nº de Registro: 162032/2018  
Fecha de Recepción: 11/05/2018 10:39:48

DELEGADO PROTECCIÓN DATOS

Tipo de Delegado: PERSONA FÍSICA  
Razón Social: JORGE PRADO CASAL  
CIF / NIF: [REDACTED]

SOLICITANTE

Nombre: ALBERTO  
Primer Apellido: FUENTES  
Segundo Apellido: LOSADA  
NIF: [REDACTED]  
Entidad a la que representa: CONSELLERÍA DE SANIDAD XUNTA DE GALICIA  
CIF: [REDACTED]

RESPONSABLE/S - ENCARGADO/S

| Titularidad | Razón Social           | CIF       |
|-------------|------------------------|-----------|
| Pública     | CONSELLERÍA DE SANIDAD | S1511001H |

La persona que realiza esta comunicación manifiesta que dispone de representación suficiente para la realización de este trámite y que tanto el responsable como el delegado de protección de datos han sido informados al respecto, así como que los datos incluidos en el formulario son ciertos. No obstante, la Agencia Española de Protección de Datos podrá requerir que se acredite la representación de la persona que formula la comunicación.

Conocimiento de los deberes del solicitante.

Los datos de carácter personal que pudieran constar en esta comunicación serán incorporados al sistema de tratamiento "Registro de Delegados de Protección de Datos", del que es responsable la Agencia Española de Protección de Datos (AEPD) para el ejercicio de potestades públicas. Los datos serán tratados para gestionar la comunicación de delegado de protección de datos y como punto de contacto del responsable o UE en el marco del desarrollo de las acciones conjuntas que se establecen el Capítulo VII del RGPD. Los datos serán comunicados a las autoridades de control pertenecientes a la UE en caso de ser necesarios. Tiene derecho a acceder, rectificar y suprimir los datos, así como los demás derechos que le otorga la normativa de protección de datos ante la Agencia Española de Protección de Datos. C/ Jorge Juan, 6, 28001- Madrid o en la dirección de correo electrónico [dpd@agpd.es](mailto:dpd@agpd.es).



Miguel Ángel Delgado González  
[prensa@xornalgalicia.com](mailto:prensa@xornalgalicia.com)

|              |   |
|--------------|---|
| Solicitante: | Miguel Ángel Delgado González                         |
| Asunto:      | Resolución da Comisión da Transparencia RSCTG 16/2020 |
| Expdte       | RSCTG 16/2020 ( SAIP_047/19 )                         |

## ANTECEDENTES

1 O día 29.04.2019 tivo entrada no correo electrónico desta Secretaría Xeral Técnica, a resolución estimatoria da Comisión da Transparencia da reclamación presentada por Miguel Ángel Delgado González, en representación de PLADESEMAPESGA con data 23 de xaneiro de 2020, contra a resolución da Consellería de Sanidade do 22 de xaneiro de 2020, pola que se lle concede acceso á información referida á identificación, e acta ou copia do nomeamento do delegado de protección de datos en todos os entes cuxa responsabilidade estea vinculada á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A competencia para resolver esta solicitude de acceso á información pública presentada polo interesado, corresponde, conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á persoa titular do órgano de goberno ou executivo da entidade instrumental do sector público que posúa a información.

2 De acordo co establecido no artigo 24 de Lei 1/2016, do 18 xaneiro, todas as persoas teñen dereito a acceder a información pública nos termos previstos na normativa básica de referencia.

3 Una vez analizada a solicitude de acceso á información a que se refire a solicitude, e vista a Resolución da Comisión da Transparencia, infórmase segundo o escrito do servizo competente o seguinte:

*“As funcións de delegado de protección de datos do sistema público de saúde de Galicia, exerceas Jorge Prado Casal, xefe do servizo na Subdirección Xeral de Sistemas e T.I da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade. Estas funcións non son en dedicación exclusiva, senón que as realiza en acumulación ás tarefas que lle corresponden como xefe de servizo.*

*Súa designación xa está en posesión da información solicitada, xa que nas solicitudes de acceso aos seus datos de carácter persoal que se resolveron nesta Consellería, nas que se solicitou a opinión do delegado de protección de datos, a persoa que exerce as funcións de delegado de protección de datos asina conxuntamente co responsable do tratamento a resposta que se lle achegou.*

*Reiteramos nosa opinión contraria a proporcionar esta información, xa que a normativa que regula a función dos delegados de protección de datos en ningún momento contempla a obriga de facer público seu nome, toda vez que a función pode ser exercida por unha persoa, unha empresa ou incluso unha comisión.*





*[...] Mentos tanto o delegado de protección de datos ten rexistrado unha consulta á AEPD solicitando a súa opinión sobre esta decisión que tomou a Comisión da Transparencia”*

4. No que atinxe a segunda petición estimada pola Comisión da Transparencia, relativa ao nomeamento do delegado, achégase copia do xustificante, mais non se mostran datos como NIF/CIF, nin o selo de tempo do documento, xa que deste xeito poderíase acceder a datos especialmente protexidos, consonte ao disposto no artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e tal e como recoñece o punto segundo do Acorda da Comisión da Transparencia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo conforme ao disposto nos artigos 6 e seguintes da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa Administrativa, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela

O secretario xeral Técnico

Alberto Fuentes Losada  
(asinado dixitalmente)





MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ  
Rúa Juan Castro Mosquera, 28,2 d)  
15005 A Coruña

**Asunto:** *Solicitud de acceso a información pública*

**Interesado/a:** *Miguel Angel Delgado González*

**Procedemento:** *TR\_5/2019*

*Nº RSCTG 142/2019*

O 5 de decembro de 2019 tivo entrada na Secretaría Xeral de Medios a Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia de data 27 de novembro de 2019 (nº RSCTG 142/2019) na que se acorda estimar parcialmente a reclamación presentada por Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y.

Para o cumprimento do apartado segundo da dita resolución, e en tanto que o órgano competente para a xestión dos expedientes de gasto na Secretaría Xeral de Medios é a Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios, solicitóuselle a información á esta subdirección.

O 13 de decembro de 2019 a Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios, unha vez revisados os expedientes relativos a contratos, convenios e pagamentos tramitados que obran nas dependencias desa Subdirección Xeral e que son da súa competencia, informou que *“non constan nesta Subdirección Xeral datos relativos a entidade Google Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, Google Adwords o Adsense ou realizadas a través de intermediarios de comunicación”*.

Asemade, infórmase ao solicitante que con relación con outra solicitude de información pública de similar contido, formulada por outra entidade interesada, a Presidencia da Xunta de Galicia, en data 2 de outubro de 2019 o subdirector xeral de Contabilidade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, informou que *“En contestación á solicitude de información presentada (...) relativa aos contratos, convenios, pagos con fondos públicos ou concesións de calquera tipo, en especial, as que supoñan o acceso a datos ou sistemas que sexan responsabilidade da Xunta de Galicia ou das súas entidades*





**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Medios

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Telf.: 981 545922  
www.xunta.gal



*dependentes, relacionados con Google Spain, SL, (...), Google AdWords e AdSense, así como calquera tipo de relación da Xunta de Galicia con Twitter, informámoslles que consultado o sistema contable, neste momento non existen anotacións contables relativas a ningunha das entidades mencionadas”.*

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2019

Secretaría Xeral de Medios



**Xacobeo 2021**

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
DATA: 29/04/2020  
SAIDA: 4410/20

D. Miguel A Delgado González, Plataforma en  
Defensa del Sector Marítimo Pesquero de  
Galicia (PLADESEMAPESGA)  
Rúa Juan Castro Mosquera 28 2º dereita  
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)  
Expediente. Nº **RSCTG 16/2020**

Correo electrónico: [prensa@xornalgalicia.com](mailto:prensa@xornalgalicia.com)

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) , mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 23 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de abril de 2020, adopta a seguinte resolución:

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 16/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Consellería de Sanidade do 22 de xaneiro de 2020, pola que se lle concede acceso á información referida á identificación e acta ou copia do nomeamento do delegado de protección de datos en todos os entes cuxa responsabilidade esta vinculada á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde.

O reclamante indica que se lle remitiu un link para o acceso á información solicitada a través do que non é posible acceder, facendo unha serie de alegacións sobre asuntos non relacionados coa súa solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da resolución contra a que se recorre, copia da solicitude e copia de diversa documentación.

**Segundo.** Con data do 30 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de febreiro de 2020, sen que se recibise o informe nin a copia do expediente solicitado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 16/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 16/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 16/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 16/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 16/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 16/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.



Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a resolución contra a que se reclama ten data do 22 de xaneiro de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 23 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A asociación reclamante solicitou a identificación e acta ou copia do nomeamento do Delegado de protección de Datos da Consellería de Sanidade, Servicio Galego de Saúde e entes adscritos á dita Consellería, fronte ao que a Consellería resolve concederlle o acceso á información comunicándolle que o tratamento de datos é único para todo o sistema público de saúde de Galicia, non obstante, co obxecto de facilitar a procura a calquera persoa interesada e en aras da transparencia, todas as entidades dependentes do Sistema Galego de Saúde que posúen un CIF propio aparecen reflectidas no sistema de xeito individual aínda que o sistema como xa quedou dito é único, engadindo a continuación dous links nos que se pode obter a información.

A través do dito link, é posible, tal e como se comprobou pola Secretaría desta Comisión, acceder ao rexistro de actividades de tratamento da Consellería de Sanidade e do Servicio Galego de Saúde, no que figura o contacto do Delegado de protección de Datos mediante dirección de correo electrónico, e se pode acceder ás cláusulas informativas das distintas actividades desenvolvidas pola Consellería e o servizo, pero non se pode obter a identificación nin acta ou copia do nomeamento do Delegado de protección de Datos solicitado. O outro link, que parece remitir á Axencia Española de Protección de Datos, dá erro.

No presente caso, a Administración resolve conceder o acceso á información, pero na práctica non a proporciona: solicítanse datos identificativos dos delegados de protección de datos da Consellería e dos seus entes adscritos e os seus nomeamentos, e proporciónase ao solicitante un link ao rexistro de actividades de tratamento.

Con carácter xeral, a Lei 19/2013 no seu artigo 15, establece que se concederá o acceso a información que conteña datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública do órgano, salvo que no caso concreto prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público na súa divulgación. Nos casos nos que a información solicitada non contivese datos especialmente protexidos, concederáse o acceso previa ponderación suficientemente razoada do interese público na divulgación e os dereitos dos afectados, en particular o seu

dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, tendo en conta os criterios establecidos no parágrafo 3 do citado artigo.

Os datos meramente identificativos do persoal ao servizo dunha Administración están sometidos ao réxime xeral de acceso, polo que, por regra xeral, debe concederse o acceso á información dado que a normativa de protección de datos persoais non o impide, e sen que sexa necesario o consentimento da persoa afectada.

Unicamente poden existir casos excepcionais nos que deba prevalecer a protección dos datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos en atención a circunstancias persoais e extraordinarias, como poden ser, entre outros, supostos nos que deba evitarse a divulgación da súa identidade e lugar de traballo atendendo á especial vulnerabilidade da persoa, ou se a súa vida ou a súa integridade están ameazadas por calquera motivo. Nestes casos é necesario abrir previamente trámite de audiencia á persoa da que se solicitan os datos para que poida realizar as alegacións oportunas, xustificando, de ser o caso, os motivos polos que se opón ao acceso. Unicamente nestes casos excepcionais, unha vez alegados e xustificados pola persoa afectada e ponderados pola Administración, o acceso aos datos identificativos do persoal público pode ser restrinxido ou limitado.

No caso de que a persoa afectada non formule alegacións ou se opoña pero non acredite ou demostre estas circunstancias excepcionais, a entidade debe facilitar a información identificativa solicitada.

No presente caso, os datos solicitados, son claramente datos identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública da Administración, de modo que é obrigado conceder o acceso á información, salvo que prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos.

De acordo co anterior, procede estimar a reclamación presentada, debendo a Consellería de Sanidade, dar audiencia previa aos titulares dos datos, para que poidan opoñerse ao acceso en atención a circunstancias persoais e extraordinarias, e de ser o caso, unha vez ponderados pola Administración, resolver expresamente a solicitude concedendo o acceso á información, salvo que se conclúa nesa ponderación que algún dos datos solicitados deba ser restrinxido ou limitado.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) con data do 23 de xaneiro de 2020, contra a Resolución da Consellería de Sanidade do 22 de xaneiro de 2020, pola que se lle concede acceso á información referida á identificación e acta ou copia do nomeamento do delegado de protección de datos en todos os entes cuxa responsabilidade esta vinculada á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde.

**Segundo:** Instar á Consellería de Sanidade, a que, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto, proceda a ditar resolución sobre o acceso, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar á Consellería de Sanidade a que unha vez ditada a resolución, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses<sup>1</sup>, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.04.29 12:14:46 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**

---

<sup>1</sup> Debese ter en conta que de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos procesuais están interrompidos e suspendidos para todas as ordes xurisdicionais, ata que non que perda vixencia o citado Real Decreto, renovándose o cómputo de prazos nese momento.

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 8:23:59

SAIDA

12837/19

D. Miguel A Delgado González,  
Plataforma en Defensa del Sector  
Marítimo Pesquero de Galicia  
(PLADESEMAPESGA)  
C/Juan castro Mosquera 28, 2º Dcha  
15.505 A Coruña

Reclamante: D. Miguel Ángel Delgado González  
Expediente. Nº RSCTG 142/2019

Correo electrónico: [director@xornalgaliciasur.com](mailto:director@xornalgaliciasur.com)

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por D. Miguel Ángel Delgado González en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.** D. Miguel Ángel Delgado González en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 9 de outubro de 2019, unha reclamación contra a Resolución do 3 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, pola que se lle concede o acceso á información pública relativa a información e documentación pública relacionada coa entidade GOOGLE Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, GOOGLE Adwords ou Adsense. Solicitou así mesmo, información sobre calquera tipo de relación da Xunta de Galicia, responsabilidade da Secretaría Xeral de Medios con Twitter, Instagram, Facebook

O interesado considera que se vulnerou o disposto na Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei de Transparencia ao non proporcionarlle a información solicitada

O escrito viña acompañado de copia da resolución da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia do 9 de outubro de 2019 que se impugna, e copia de diversos artigos de prensa e correo electrónico.

**Segundo.** Con data 23 de outubro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 29 de outubro de 2019.

**Terceiro.** Con data 12 de novembro de 2019 a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe faise constar que, dado que a información que se solicita puidera entrar dentro do ámbito das funcións asignadas á Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios, de acordo co Decreto de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia, solicitouse información a dito órgano. A dita Subdirección informa que non constan nesa Subdirección Xeral, datos relativos a relacións con GOOGLE Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, GOOGLE Adwords ou Adsense no período comprendido entre 01/01/2018 e 30/09/2019, polo que a Secretaría Xeral de Medios resolve conceder o acceso á información solicitada, consistindo esta en informar que non constan datos relativos ás entidades sobre as que se solicita información.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Oficina de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 3 de outubro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 9 de outubro de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto, o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, o que fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

No presente caso, o interesado reclama contra unha resolución pola que se lle concede o acceso á información pública referida a documentación pública, relacións, colaboracións, campañas de publicidade mediante ou calquera outra, coa entidade Google Europa, España ou de calquera tipo internacional, Google Adwords o Adsense e as realizadas a través de intermediarios de comunicación. A entidade alega que na súa solicitude se fai expresa referencia á información sobre calquera tipo de relación da Xunta de Galicia, responsabilidade da Secretaría Xeral de Medios con Twitter, Instagram, Facebook, e na resolución impugnada se omite toda referencia a esa información. Por outra banda, e aínda que a entidade reclamante non o alega, o certo é que a resolución basease nun informe emitido pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios, que se refire unicamente á inexistencia de datos relacionados con esas entidades nun período concreto, comprendido entre o 1/1/2018 e 30/9/2019, sen facer referencia algunha a relacións que con esas entidades que puideran existir en datas anteriores.

A entidade reclamante na súa solicitude, non acota o período temporal do que require os datos, polo que debe concluírse que a Secretaría Xeral de Medios non proporcionou correctamente a información. De acordo co anterior, procede a estimación parcial da reclamación presentada, debendo a Secretaría Xeral de Medios proporcionar ao interesado, de existir, información referente ás relacións da Xunta de Galicia con GOOGLE Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, GOOGLE Adwords ou Adsense con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018, e ás relacións, da Xunta de Galicia, de existir, con Twitter, Instagram e Facebook

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar parcialmente a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) con data 9 de outubro de 2019, contra a Resolución do 3 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, pola que se lle concede o acceso á información pública relativa a información e documentación pública relacionada coa entidade GOOGLE Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, GOOGLE Adwords ou Adsense.

**Segundo:** Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ  
(R: S6500009C)

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2019.11.27 11:29:13  
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
Presidenta da Comisión da Transparencia.





## RESOLUCIÓN

**Asunto:** *Solicitud de acceso a información pública*  
**Interesado/a:** *MIGUEL ÁNGEL DELGADO GONZÁLEZ*  
**Expediente:** *TR\_5/2019*

Vista a solicitude de acceso á información pública que tivo entrada na Secretaría Xeral de Medios o 2 de setembro de 2019, presentada por Miguel Ángel González Delgado, con DNI núm. 32413124Y e domicilio na rúa Juan Castro Mosquera, 28, 2º, 15005 A Coruña, que deu lugar ao inicio do procedemento para o exercicio do dereito de acceso a información, dítase a presente resolución en base aos seguintes,

### FEITOS

PRIMEIRO- O 1 de setembro de 2019, Miguel Ángel González Delgado presentou un escrito de solicitude de acceso a información pública relativa a información e documentación pública relacionada coa entidade GOOGLE Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, GOOGLE Adwords ou Adsense.

SEGUNDO - O 10 e o 19 de outubro de 2018, Miguel Ángel González Delgado presentou escritos de recusación da secretaria xeral de Medios en relación a todos os expedientes relacionados coa súa persoa e coa entidade PLADESEMPEGA, que foi estimado por Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, no que se nomea como substituto ao subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Secretaría Xeral de Medios.

TERCEIRO - Analizada a solicitude de acceso á información pública formulada e visto que a información que solicita entra dentro do ámbito das funcións da Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios, segundo o artigo 3 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia, solicitóuselle a información á esta subdirección.

CUARTO- O 3 de outubro de 2019 a Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios remitiu informe co seguinte contido:

*“ASUNTO: RESPONSA A SOLICITUDE DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO DA SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS*





## ANTECEDENTES

*Primeiro.*

*O 10.09.2019 A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios remitiu a esta subdirección xeral unha solicitude de acceso a información pública presentado por D. Miguel Angel Delgado González, na que solicita información pública relacionada coa entidade Google Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, Google Adwords ou Adsense.*

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

*Primeiro. Solicitude de información.*

*D. Miguel Angel Delgado González solicita “documentación pública, relaciones, colaboraciones, campañas de publicidad mediante o cualquier otra, con la entidad Google Europa, España o de cualquier tipo internacional, Google Adwords o Adsense y las realizadas a través de intermediarios de comunicación o de cualquier otro no previsto en este escrito cuya relevancia sea de información pública (...).*

*Todos los contratos, convenios, pagos con fondos públicos o concesiones de cualquier tipo (...).”*

*Segundo. Período*

*Este informe refírese a datos relativos ao período comprendido entre 1.01.2018 e 30.09.2019.*

## CONCLUSIÓN

*Non constan nesta subdirección xeral datos relativos a entidade Google Europa, España o de cualquier otro tipo internacional, Google Adwords o Adsense ou realizadas a través de intermediarios de comunicación no período referido.”*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### PRIMEIRO- Competencia

De conformidade co artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución da solicitude de acceso a información relativa a comunicación audiovisual corresponderá á persoa titular da secretaría xeral de Medios.

Non obstante, de conformidade co Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas, polo que se admite o incidente de recusación formulado polo interesado, a competencia para resolver este procedemento administrativo corresponderá ao subdirector xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios.





## SEGUNDO- Normativa aplicable

- Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Orde do 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes de Presidencia da Xunta de Galicia.

## TERCEIRO- Prazo

De conformidade co artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, *“a resolución na que se conceda ou denegue o acceso deberá notificarse, á persoa solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitaran, o antes posible e, como máis tarde, no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver”*.

De conformidade co establecido nos artigos 26 e 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e segundo o informado pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios

## RESOLVO

Conceder a Miguel Ángel González Delgado o acceso á información, nos termos expresados no dito informe, que conclúe da seguinte forma:

Non constan na Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios datos relativos a entidade Google Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, Google Adwords ou Adsense ou realizadas a través de intermediarios de comunicación no período referido.”

Contra esta resolución, que pon fin a la vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou, previa e potestativamente, poderase interpoñer reclamación ante a Valedora do Pobo no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.





**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Medios

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Telf.: 981 545922  
www.xunta.gal

galicia

Notifícaselle esta resolución a Miguel Ángel Delgado González, con DNI núm. 32413124Y, por medio de notificación electrónica elixida como preferente na súa solicitude, segundo o esixido nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica que figura á marxe

A secretaria xeral de Medios

*(por substitución, segundo Acordo do 5 de novembro de 2018, do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas)*

O subdirector xeral de Réxime Xurídico

Enrique González Murga

Asinado por: GONZALEZ MURGA, ENRIQUE  
Cargo: Subdirección Xeral de Réxime Xurídico  
Data e hora: 03/10/2019 13:46:18

CVE: Q6Vxn6Jow1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021



Miguel Ángel Delgado González  
[prensa@xornalgalicia.com](mailto:prensa@xornalgalicia.com)

|              |  |
|--------------|--|
| Solicitante: | Miguel Ángel Delgado González                        |
| Asunto:      | Delegado protección datos da Consellería de Sanidade |
| Expdte       | SAP_047/19   |

## ANTECEDENTES

1 O día 26.12.2019 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno solicitude que quedou rexistrada co número 2019/2182491.

2 O día 27.12.2019 esta solicitude recibíuse na Secretaría Xeral Técnica data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O interesado en síntese solicita o seguinte:

*“Solicitud expresa de información y documentación pública, identificando de forma expresa y clara al DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS en la Consellería de Sanidad, Sergas y entes adscritos a la Consellería”*

## CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

1 A competencia para resolver esta solicitude de acceso á información pública presentada polo interesado, corresponde, conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á persoa titular do órgano de goberno ou executivo da entidade instrumental do sector público que posúa a información.

2 De acordo co establecido no artigo 24 de Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, todas as persoas teñen dereito a acceder a información pública nos termos previstos na normativa básica de referencia.

3 Una vez analizada a solicitude, resolvese conceder o acceso á información a que se refire a solicitude, no seguinte senso:





O tratamento de datos é único para todo o sistema público de saúde de Galicia, non obstante, co obxecto de facilitar a procura a calquera persoa interesada e en aras da transparencia, todas es entidades dependentes do Sistema Galego de Saúde que posúen un CIF propio aparecen reflectidas no sistema de xeito individual aínda que o sistema como xa quedou dito é único.

Polo tanto, toda a información solicitada pódese consultar nas seguintes páxinas web:

<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/infoSede/consultaDPD.jsf>

<https://www.sergas.gal/A-nosa-organizacion/proteccion-datos?idioma=ga>

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo conforme ao disposto nos artigos 6 e seguintes da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa Administrativa, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela

O secretario xeral Técnico

Alberto Fuentes Losada  
(asinado dixitalmente)

